



NOTA DE PRENSA

A CRMH DA CORUÑA homenaxea á GUERRILLA galega a través da figura de CAMILO DE DIOS

- O guerrilleiro **CAMILO DE DIOS** será distinguido como **Republicano de Honra 2016** en representación da **GUERRILLA** antifranquista galega.
- Os actos desenvolveranse o venres día 15, coa ofrenda floral no Memorial Xermolo, a homenaxe á Guerrilla na Real Academia Galega e a cea da República.

A Coruña, 11 de abril do 2016 .- A Guerrilla foi un chanzo no camiño da recuperación das liberdades democráticas, sostiveron onte o historiador Bernardo Máiz e o activista Nicanor Acosta, Republicano de Honra 2015, na rolda de prensa de presentación dos actos de conmemoración do 85º aniversario da República que programou para esta semana a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMHC).

Despois de que o presidente da CRMHC, Fernando Souto, anunciara a apertura da renovada web da Comisión (www.memoriadacoruna.com) e relatase o programa de actos –que se detalla ó final da nota- que inclúe o nomeamento de Camilo de Dios como Republicano de Honra do 2016 en representación da Guerrilla antifranquista galega á que a través da súa figura pretende homenaxear a CRMHC, foi Bernardo Máiz quen salientou a importancia da actividade guerrilleira. “Metéronlle medo ós represores do réxime franquista, mesmo eliminaron a algún, fixeron sabotaxes dos convois que levaban o wólfam, o que significa que tamén interviñeron na Guerra Mundial, e incluso dos postes de luz de Fenosa cando o Estado empezaba a expropiar os terreos para os encoros”. Máiz glosou a figura de De Dios sinalando que continuou na loita social, no sindicalismo agrario, despois de saír da cadea e tamén foi concelleiro polo PCE en Xinzo e Sandiás trala morte do ditador. “É unha honra que sexa Camilo de Dios, un home vinculado naquel tempo e sempre ó PCE, e a través del a estes homes, os guerrilleiros, que o deron todo pola causa da República”, comezou dicindo Nicanor Acosta, e engadiu: “Na miña familia o meu pai, garda civil, estaba contra eles, i eu estaba

con eles. Fai estes días sesenta anos que foi executado Manuel Vello. E fora meu pai quen o detivera e sempre me contaba ó pasar por aquel portal que alí volvera nacer. Pero meu pai terminou vendo a luz cando me tivo que visitar na cadea”.

No anexo inclúese nota de prensa, fotografía da rolda, breve biografía de Camilo de Dios e un corte de audio de Bernardo Máiz.

A continuación detállanse os actos previstos para esta semana, sinalando que o día 14 como é habitual a CRMHC sumarase ás celebracións organizadas polo Ateneo Republicano na Coruña.

Día 12 de abril

Presentación de “Os borbóns: unha monarquía escandalosa”

O último libro de Manolo Monge, ex presidente da CRMHC.

PORTAS ÁRTABRAS

19.30 horas

Día 15 de abril

Ofrenda floral ás vítimas do franquismo

Memorial da Avenida de Navarra

18.00 horas

Homenaxe ó Republicano de Honra 2016: Camilo de Dios, en representando ó Movemento Guerrilleiro Galego

Real Academia Galega (rúa Tabernas, 11)

19.30 horas

Intervirán o homenaxeado xunto ó historiador Bernardo Máiz e ó presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

Cea da República 2016

Hotel Meliá María Pita (avenida Pedro Barrié de la Maza, 3)

21.30 horas